

**PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN A PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO REGULADOS POLO REAL DECRETO 99/2011 DE ESTUDANTES DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO REGULADOS POLO REAL DECRETO 778/1998 QUE, CON POSTERIORIDADE Á ENTRADA EN VIGOR DO RD 99/2011, INICIARON A ETAPA DE ELABORACIÓN DE TESE.**

De acordo ca “*Resolución reitoral pola que se establece un proceso transitorio de finalización da etapa de formación nos programas de doutoramento que regulados polo Real decreto 778/1998 inicie o proceso de extinción*”, o prazo para que o alumnado de programas de doutoramento regulados polo Real decreto 778/1998 puidera obter o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) remataba no curso académico 2010-2011. Segundo esta resolución, o alumnado de programas regulados polo Real decreto 778/1998 podía iniciar a etapa de elaboración da tese a partir do curso académico 2011-2012, encontrándose nunha situación análoga á do alumnado que, a partir do curso académico 2011-2012, iniciaba os seus estudos de doutoramento nun programa regulado polo Real decreto 1393/2007.

Dado que o alumnado que iniciou os seus estudos de doutoramento a partir do curso 2011-2012 nun programa regulado polo Real decreto 1393/2007 dispón ata o 30 de setembro de 2017 para a defensa da tese de doutoramento, considerouse que o alumnado que iniciaba a etapa de elaboración da tese no mesmo curso académico nun programa regulado polo Real decreto 778/1998 debía contar co mesmo prazo para a defensa da tese. De non ser así, estaríase ocasionando agravios comparativos entre ambos casos e tamén cos prazos máis amplos dos que dispuxo o alumnado das mesmas e, incluso anteriores, regulacións.

De acordo co exposto, a “*Resolución reitoral do 7/7/2015 sobre adaptación dos/as estudantes de programas de doutoramento en extinción a programas de doutoramento regulados polo Real decreto 99/2011*” establece o 30 de setembro de 2017 como data límite da defensa da tese para aqueles/as doutorandos/as que, con posterioridade á entrada en vigor do RD 99/2011, iniciaron a etapa de elaboración de tese.

Non obstante, a resposta da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a consultas formuladas desde as universidades parece indicar que o prazo para a defensa da tese en programas de doutoramento de regulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007 rematou o 10 de febreiro de 2016, e que só o alumnado que iniciou os seus estudos de doutoramento a partir do curso académico 2011-2012 nun programa regulado polo Real decreto 1393/2007 dispoñen de prazo de defensa da tese ata o 30 de setembro de 2017.

O dito pronunciamento afecta, no ámbito da Universidade da Coruña, a un colectivo de estudantes de programas de doutoramento regulados polo real decreto 778/1998 que, con posterioridade á entrada en vigor do RD 99/2011, iniciaron a etapa de elaboración de tese, para os que se prevía como data límite de defensa da tese o 30 de setembro de 2017. Á vista do precitado informe emitido pola Secretaría Xeral de Universidades, non existen garantías suficientes aos efectos de proseguir en programas regulados polo RD 778/1998.

Por todo o anterior, esta Reitoría **RESOLVE:**

**Que o alumnado de estudos de doutoramento matriculado no curso académico 2015-2016 nun programa regulado polo Real decreto 778/1998 que, con posterioridade á entrada en vigor do RD 99/2011, iniciaron a etapa de elaboración de tese, poderá incorporarse aos correspondentes programas de doutoramento regulados polo Real decreto 99/2011.**

A correspondencia entre programas de doutoramento do Real decreto 778/1998 e do Real decreto 99/2011 é a establecida pola Comisión Permanente da EIDUDC (Anexo I). En calquera caso, o alumnado incorporado aos programas de doutoramento do Real decreto 99/2011 non computarán para os efectos de oferta de prazas de doutoramento.

Esta incorporación farase mantendo a matrícula formalizada e o mesmo proxecto de tese. Considerarase que o inicio do período de tese no novo programa comezará ao día seguinte da publicación desta Resolución Reitoral.

As cuestións relativas a dirección de tese, compromiso de supervisión, recoñecemento de actividades formativas, plan de investigación, avaliación anual, duración mínima dos estudos de doutoramento e efectos da adaptación, rexeranse pola "*Resolución reitoral do 7/7/2015 sobre adaptación dos/as estudantes de programas de doutoramento en extinción a programas de doutoramento regulados polo Real decreto 99/2011*".

A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da UDC accesible a través da Sede Electrónica da UDC.

A Coruña, 23 de maio de 2016.

O reitor



Julio Ernesto Abalde Alonso



**ANEXO I**

**Correspondencia entre programas regulados polo Real decreto 778/1998 e os regulados polo Real decreto 99/2011, a efectos de incorporación a programas de regulados polo Real decreto 99/2011 de estudantes de programas de doutoramento regulados polo Real decreto 778/1998 que, con posterioridade á entrada en vigor do Real decreto 99/2011, iniciaron a etapa de elaboración da tese.**

<b>Programas regulados polo RD 778/1998</b>	<b>Programas regulados polo RD 99/2011</b>
3C00004V01 Construción, Patoloxía e Restauración Arquitectónicas	Arquitectura e Urbanismo
3C00045V01 Xénese, linguaxe e composición na arquitectura	
3C00001V01 Bioloxía Ambiental	Bioloxía Celular e Molecular
3C00028V01 Medicina Clínica. Avances e Investigación	Ciencias da Saúde
3C00006V01 Liberdades Públicas e Dereitos Fundamentais	Dereito
3C00068V01 Competitividade na UE: Análise Económica e Empresarial	Análise Económica e Estratexia Empresarial
3C00007V01 Integración Económica e Políticas Públicas	
3C00035V01 Avaliación e Orientación en Educación	Equidade e Innovación en Educación
3C00038V01 Estratexias cognitivas nas didácticas dos feitos culturais	
3C00015V01 Innovación e Investigación Educativa	
3C00032V01 Psicoloxía da educación e do desenrolo	Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde
3C00072V01 Promoción da Saúde	
3C00026V01 Enxeñaría Industrial	Enxeñaría Naval e Industrial
3C00064V01 Ciencia e Tecnoloxía de Materiais	